

CONCELLO DE MEIRA
CIF:P2702900H
Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf.: 982 330 102
Fax: 982 104 090
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

PLAN RENOVE: AXUDAS PARA A COMPRA DE VEHÍCULOS

O xoves día 09 de decembro de 2021 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Enerxético de Galicia pola que se convocan as axudas relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente dirixidas a persoas físicas, empresas e autónomos.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Será subvencionable a adquisición de **vehículos novos cun custo inferior ou igual a 40.000,00 €** (impostos incluídos) que cumpran os seguintes requisitos:

- **Vehículos M1 (turismos)** cun valor de emisións iguais ou inferiores a 135 g CO₂ /km.
- **N1 (furgonetas)** cun valor de emisións inferiores ou iguais a 120 g CO₂ /km no caso de vehículos con MTMA < 2.500 kg ou cunhas emisións inferiores ou iguais a 185 g CO₂ /km no caso de vehículos con MTMA ≥ 2.500 kg

Unha persoa física só poderá adquirir un único vehículo M1 ou N1. Un autónomo ou empresa só poderá adquirir un máximo de dez vehículos.

CONTÍA DA AXUDA

Tipo de proxecto	Axuda Inega (€)	Axuda adicional familias numerosas (€)	Desconto concesionario	Total (€)
Turismos (M1) con emisións iguais ou inferiores a 120 g CO ₂ /km	3.000	600	1.000	4.000/4.600
Turismos (M1) con emisións iguais ou inferiores a 135 g CO ₂ /km	2.000	400	1.000	3.000/3.400
Furgonetas (N1) con emisións iguais ou inferiores a 120 g CO ₂ /km no caso de vehículos con MTMA < 2.500 kg ou cunhas emisións inferiores ou iguais a 185 g CO ₂ /km no caso de vehículos con MTMA ≥ 2.500 kg	2.000	400	1.000	3.000/3.400

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes **comezará o 17 de xaneiro de 2022 ás 9.00 horas e rematará o 30 de setembro de 2022 ou cando se esgoten os fondos.**

Meira, 15 de decembro de 2021.

O Alcalde,



Asdo.: Antonio de Dios Alvarez.